

Lee con atención este artigo. Despois elabora un informe no que respondes argumentativamente as cuestión propostas.



MONCHO VALCARLOS


Un símbolo para Galiza

Texto
XÁCOME SANTOS

Hai 31 anos que nos deixou Moncho, pero a súa lembranza está viva. Moito máis nestes tempos nos que o capitalismo salvaxe e depredador intenta unha vez máis poñer as gadoupas sobre os nosos recursos naturais, a nosa cultura, o noso idioma... Mudaron os nomes (Fenosa e caciques de medio pelo) por outros como Altri, Iberdrola ou eólicas. Moncho está vivo porque a súa loita fainos máis fortes.

SOG 14

- 1ª. Describe a actuación deste sacerdote na súa parroquia: intereses que defendía, consecuencias para as xentes do común e para el mesmo.
- 2ª. Compáraa coa do sacerdote belga Daens utilizando os apuntamentos tomados durante a proxección comentada desa película nas sesións presenciais na aula.
- 3ª. Argumenta si ambos os dous son representativos dos principios do socialcatolicismo desenvolvidos dende a encíclica papal *Rerum Novarum* e reactualizados durante o Concilio Vaticano II.



Moncho Valcarce na igrexa de Sésamo, en Culleredo (comarca da Coruña), arredor de 1978. / Arquivo do autor

"Non se pode ser cristián, ordenado presbítero, sen asumir un compromiso liberador, pois somos fillos dunha Terra oprimida, á que se lle negan dereitos tan esenciais como o da autodeterminación, na que malviven xentes explotadas e marxinas, devoradas por un neocolonialismo brutal".

Estas palabras escritas no ano 1988 durante o exilio de Moncho Valcarce en Salamanca imposto polo Bispado de Santiago forman parte dun documento esclarecedor do seu pensamento político, social espiritual e humano que leva por título "O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galiza". É de por si unha declaración de intencións que nos pon en antecedentes da súa figura. Cura atípico para a época que lle tocou vivir –engadíría que tamén na actualidade–, defensor e propagador da teoloxía da liberación, non dubidou en asumir un compromiso político

DIANTE DOS ABUSOS DUN RÉXIME DITATORIAL, MONCHO PROMOVÍA A MOBILIZACIÓN PARA CONSEGUIR OS DEREITOS

como un servizo ás clases máis necesitadas, marxinas, oprimidas e humilladas da sociedade. A defensa dunha clase explotada fronte á explotadora. Mais a diferenza doutros líderes teóricos, el foi principalmente un home de acción. "Hai que ver a violencia que sofre o campo, incluso ten dereito a enfrontarse aínda que somentes fose como lexítima defensa". Diante dos abusos institucionais dun réxime ditatorial ou dos asoballamentos caciquís, el promovía a mobilización dos afectados para conseguir os dereitos que lles correspondían. Pero se cadra imos moi de présa e conviña rebobinar para que aqueles que non coñezan tanto a súa figura teñan un perfil máis próximo e humano de Moncho e dese xeito valorar en toda a súa dimensión a súa traxectoria.


Moncho procede dunha familia da burguesía comercial da Coruña. Estuda Dereito pero a esmorga, as troulas e –como el mesmo ten escrito – a "descalabrada vida", fan que abandone a carreira no último ano e entre no seminario. Misterios

EN ROMA DESCOBRE A NECESIDADE DE SER UN CURA COMPROMETIDO COAS CLASES DESFAVORECIDAS

da vida este paso tan radical; se cadra foi a conxunción de diversas causas. Ou como, ten escrito, "por unha vea de misticismo". Tras dous cursos no seminario de Santiago foi a estudar Teoloxía a Roma. É ali onde Moncho descubre Galicia, a "outra" Galicia. Empeza a lectura de Curros, Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Castelao... Da man doutros compañeiros estudantes galegos tamén de Teoloxía, profundiza na realidade social que vivía Galicia, no asoballamento do pobo, na cuestión nacional... A súa estada en Roma abriulle os ollos e a conciencia. Ten a necesidade de volver a Galicia para ser un cura galego comprometido coas clases máis desfavorecidas.

Volve a Santiago e reincorpórase ao seminario. O ambiente está crispado e os enfrontamentos verbais co equipo directivo provocan a súa expulsión e a de dous compañeiros máis. O motivo é por promover "un escrito sindicalista de tendencia comunista". En realidade, o escrito era contra o tipo de ensino e organización que imperaba no seminario. É readmitido diante da ameaza dos compañeiros de curso de irse tamén eles e das presións que fixo Espiña diante do cardeal Quiroga Palacios.

Sésamo: primeiro destino
É ordenado cura e o seu primeiro destino é a parroquia de Sésamo-Sueiro, en Culleredo (comarca da Coruña). Foi aquí onde tomou conciencia da realidade social, cultural, política e económica



Arriba, nas Enchousas, As Somozas (Ferrolterra). Abaixo, nun xantar con amigos, entre eles, Gumersindo Campaña e Xácome Santos. Á dereita, nunha manifestación na praza de María Pita, na Coruña. / Arquivo do autor.

do país. "Ao chegar a Sésamo, escomecei a ver xa directamente o machacados que están os labregos: contribucións arbitrarias, cuota da Seguridade Social, miseria, etc. Eiquí escomecei a vivi-lo asoballamento da xente. Os veciños axudáronme moitísimo, mesmo no asunto do idioma; o galego que agora sei ensináronmo eles".

Pero os primeiros tempos en Sésamo-Sueiro (1971) foron "delicados". Era unha parroquia rural, cuns hábitos pastorais moi tradicionais, acordos coa época, e unha igrexa ríxida, monolítica, xerarquizada e autoritaria. E chega Moncho e racha co nacional-catolicismo imperante, retira os confesionarios por respecto á liberdade de conciencia, no púlpito coloca a bandeira coa estrela, os carteis coas convocatorias de manifestacións son visibles no interior, négase a cobrar un peso pola súa actividade pastoral (vodas, bautizos, enterros, comunións), nas homilias busca a participación das persoas asistentes, utiliza o templo como centro para facer

representacións teatrais e outras actividades para as crianzas diante da falta de centros sociais municipais... As compañeiras, compañeiros e amizades, temerosos da reacción da xente, non dabamos moito pola súa continuidade na parroquia. Pero o tempo demostrou que os nosos medos estaban infundados. A súa bondade e honestidade conseguiu que fora aceptado pola gran maioría da xente das parroquias.

Tal foi así que uns anos despois da súa chegada, nunha das súas detencións e ingreso na cadea, tivo que vir outro cura a dicir a misa na súa ausencia. Para sorpresa de todas e todos había un piquete da veciñanza diante da porta ao berro de "mentres don Ramón estea na cadea, eiquí non di misa nin Dios".

A casa parroquial converteuse nunha especie de centro cívico-cultural, funcionou durante un tempo unha comuna, organizouse unha biblioteca ambulante para a veciñanza, editouse unha folla parroquial en galego –*Outeiro de San Cosme*– orientada a

A BONDAD E HONESTIDADE DE MONCHO FIXERON QUE FORA ACEPTADO POLA XENTE DAS PARROQUIAS

concienciación de labregos e labregos, facíanse reunións de canta organización existía (UPG, PC, MC, PT, CCLL...) –ilegais todas elas, claro-, e mesmo o aparello de propaganda dalgún partido. Converteuse nun oasis no medio do deserto. A porta estaba sempre aberta a todas e todos sen coñecer o medo ou a prudencia.

E a vixilancia por parte da Garda Civil era permanente.

Militancia política e primeiras detencións

A primeira detención e ingreso na cadea é no ano 1974 e a experiencia deixou marcado a Moncho. A brutalidade policial coa que foi tratado non fixo máis que reafirmalo na loita política organizada: "despois de estar na cadea, xa non me quedaba outra alternativa, e comprometinme definitivamente na loita".

Coherente con esta idea, afiliase aos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e no ano 1977 –data da eclósión de todas as loitas agrarias no País– ingresa na



Manifestación contra os desafiuzamentos nas Enchousas, nas Somozas (Ferrolterra). / Arquivo do autor

AN-PG, para posteriormente ser candidato ao Senado como cabeza de lista do BN-PG pola Coruña. O seu liderado e carisma valeulle para sacar máis de 30.000 votos, aínda que non conseguiu a acta de senador. Era tal o medo que lle tiñan as forzas reaccionarias, caciquís, institucionais e mediáticas que a prensa pública o mesmo día das eleccións a noticia de que Moncho morrera. A noticia correu por toda a cidade nun intento premeditado de confundir e meter medo á xente. A figura de Moncho adquire unha relevancia social e popular que é aproveitada para que as mobilizacións, reivindicacións e loitas agrarias sexan recoñecidas e asumidas por unha parte importante da sociedade que até ese momento lle daba as costas a esa realidade.

A segunda detención prodúcese no ano 1977 e ten lugar nas Encrobas, en Cerceda (comarca de Ordes), no intento de desaloxar das súas terras a veciñanza para a explotación dunha mina de lignito. A loita das Encrobas tivo tal

A PRIMEIRA DETENCIÓN AFIANZOU O SEU COMPROMISO COA LOITA POLÍTICA ORGANIZADA

difusión e repercusión nos medios de comunicación da época, que a partir daquela xa foi coñecido como "o cura das Encrobas". Como dixo Manolo Rivas no seu momento "a súa figura reivindicativa deixou na retina da xente a imaxe dun David xusticieiro ante un poderoso Goliath termoeléctrico".

As Encrobas representou para as labregas e labregos e para o nacionalismo un revulsivo que deu pé ás grandes e históricas mobilizacións dos anos 70-80. Co apoio das CC-LL e da AN-PG, Moncho erixiuse como o líder agrario imprescindible. Foi o triunfo das clases populares fronte a un monopolio poderoso.

No mesmo ano, en 1977, é detido novamente, desta vez en Baldaio, en Carballo (Bergantiños), ao participar nunha manifestación de apoio á veciñanza para que non expropiasen as marismas co obxectivo da extracción da súa area como negocio. A última detención foi no ano 1984 nas Enchousas, nas Somozas (Ferrolterra). Á marxe das detencións, malleiras

e multas que recibiu, Moncho participou e liderou activamente todas cantas loitas reivindicativas representaron o espertar e a conciencia dos labregos; contra a instalación dunha central nuclear en Xove (A Mariña), contra a cota empresarial da seguridade social agraria, nos encoros de Tordoia e Portodemouros, contra a cota do leite, as celulosas, a defensa dos montes veciñais, o ingreso de España na OTAN... É na única loita que non foi eminentemente labrega: contra o vertedoiro de Bens na Coruña.

Moncho era consciente que a mobilización e o activismo non eran suficientes para defender os intereses populares. As institucións eran unha ferramenta para conseguir avances sociais, económicos e políticos. Preséntase nas primeiras eleccións, 1979, e sae elixido concelleiro de Culleredo polo BN-PG e nas segundas é tenente de alcalde nun Goberno de coalición.

Cando deixa a súa etapa de concelleiro, o Arcebispo de Santiago "ofrécelle" facer un


VALCARCE PARTICIPOU E LIDEROU TODAS AS LOITAS QUE REPRESENTARON O ESPERTAR DA CONCIENCIA LABREGA

curso na Universidade Pontificia de Salamanca. Quéreo fóra da política e da súa parroquia. É un desterro mentres a igrexa pensa que facer con el. Moncho aproveita a súa estadia en Salamanca para deixarnos un documento –xa mencionado anteriormente– que é sen dúbida o seu testamento político: "O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galiza". Neste traballo Moncho reflexiona sobre a situación do pobo galego e a loita dun cura pola súa liberación, ratificándose no seu compromiso socio-político con Galicia, compromiso de acción pastoral cristiá e galeguista.

Os últimos anos

Cando volve a Galicia, o Arcebispo xa ten a solución para evitar as dores de cabeza que lle daba Moncho: mandalo ao equipo pastoral das Pontes (Eume). Rouco pensaba que, deste xeito, ao quedar diluído nun equipo, o seu protagonismo ía ser nulo.

Abofé que non coñecía ben a Moncho. Ía cumprir un dos seus desexos desde a época do seminario; traballar en equipo. Axiña se adaptou á vida en comunidade. Levaba tres parroquias e aínda lle quedaba tempo para dar clases no Instituto (que na actualidade leva o seu nome), nunha academia, colaboraba na radio e poñía en marcha a asociación ecoloxista Niño de Azor. Obviamente, seguía participando nas accións do sindicato CC-LL e nas mobilizacións que se producían no país, como a



Moncho Valcarce, á esquerda, nunha tractorada en Lugo; á dereita, nunha manifestación contra a central nuclear en Xove. / Arquivo do autor

do ano 1991 en apoio dos caseiros de Larín, en Arteixo (comarca da Coruña). Aposta abertamente polo sacerdocio feminino: "Nas Pontes somos un equipo formado por catro curas e cinco monxas. Elas fan todo menos consagrar. Por que non poden? As mulleres deberían mandar na igrexa, ter o poder na igrexa".

Foi pouco tempo o que estivo nas Pontes porque, tres anos despois, en 1991, descóbrenlle pólipos no intestino. Opéranos e detéctanlle cancro. Pero aínda vai deixar mostras do seu carácter, do seu compromiso, da súa espiritualidade, do seu amor aos máis desfavorecidos, á veciñanza...

Nos últimos tres meses de vida, sendo consciente da gravidade da súa enfermidade e con fortes dores, aínda ten tempo de escribir un libro *Diario íntimo da doenza final*, que é un documento que rezuma optimismo, solidariedade e grandeza de corazón: "Señor, Deus, axúdame! Que o malestar que teño sexa liberación para os oprimidos, axuda para todos... dunha maneira

EN SALAMANCA RATIFICA O SEU COMPROMISO DE ACCIÓN PASTORAL CRISTIÁ E GALEGUSITA

especial as parroquias benqueridas das Pontes, Sésamo, Sueiro, Poio".

Para o seu enterro pediu que na necrolóxica non puxeramos a hora e que non houbera flores. Só quería que cubrisen a caixa coa bandeira galega e se cantara o Himno Galego. Non se puido cumprir o seu desexo; o cemiterio estaba ategado de xente que quería render un último tributo a quen, en palabras do seu amigo, compañeiro e membro da Directiva da Irmandade Moncho Valcarce desde a súa fundación, Gumersindo Campaña, no limiar do libro *Moncho Valcarce, un símbolo para Galiza* (Trifolium, 2010), escribiu: "Moncho Valcarce 'bo e xeneroso' ben merecería figurar na 'santa compañía' dos grandes galegos da *Alba de gloria* do noso Castelao. Aínda máis, se Moncho admiraba en gran maneira ao gran líder agrario Basilio Álvarez, nós coidamos que é superior a el en compromiso xeneroso e coherente ata o fin. Moncho resulta, así, un signo vivo de esperanza noutra Galicia e noutro mundo posible; unha utopía non só soñada, senón vivida por el".